

Santiago-Ourense, 13 de outubro de 2011

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto	Curso sobre “Análise de Augas”
Organiza	Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-
Lugar	Laboratorios da Área de Microbioloxía. Facultade de Ciencias Campus As Lagoas. Ourense
Datas	do 14 ao 29 de outubro (36 horas)
Horario	• venres ____ de 9:00 a 14:00 e de 15:00 a 18:00 horas • sábados ____ de 9:00 a 13:00 horas

Un grupo de biólogos recollerá e analizará mostras de auga dos ríos, fontes, pozos e tamén da billa de diferentes puntos da cidade de Ourense

Determinarán o seu estado, de cara a detectar posibles contaminantes que puideran afectar aos consumidores

(Vía Láctea Comunicación).- A facultade de Ciencias de Ourense acolle a partir de mañá venres un curso sobre “Análise de Augas”, que se prolongará ao longo de todo o mes. Esta iniciativa, que xa cumpre a súa decimosétima edición, está impulsada polo **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-**. Diríxese a estudantes e titulados en Bioloxía, ademais doutros expertos interesados neste campo de traballo.

Os asistentes ao curso recollerán e analizarán mostras en diferentes puntos da cidade de Ourense. Achegaranse aos leitos dos ríos, fontes, pozos e mesmo á auga da billa destinada ao consumo da poboación. Tratarán de determinar o estado da auga e centraranse na detección de posibles contaminantes que puideran prexudicar aos consumidores.

Un equipo de expertos incidirá na normativa vixente en relación coa auga de consumo e hixiene humana. Tamén darán a coñecer os microorganismos máis importantes que poden estar presentes nos distintos tipos de augas, así como as enfermidades que se poden transmitir por esta vía.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 554 407 / 639 768 929 ... www.vialactea.es

www.biologosdegalicia.org